

PROPOSTA DE MEDIACIÓN

En Vigo, no Edificio Administrativo da Xunta de Galicia, as 23:30 horas do día 30 de maio de 2019, Verónica Martínez Barbero, presidenta do Consello Galego de Relacións Laborais, en execución do acordo asinado en data 30 de maio de 2019 pola empresa PEUGEOT CITRÖEN AUTOMÓVILES ESPAÑA SA e polas seccións sindicais de UGT, CIG, CCOO e SIT-FSI na dita empresa, pola que se sometían cinco puntos a unha proposta de mediación a ditar por esta, resolve as cuestións presentadas polo medio da seguinte PROPOSTA DE MEDIACIÓN:

I.- INFORMACIÓN E FORMACIÓN:

1. Protocolo específico de formación e de entrega de información nos casos de cambio de Reparto: As partes deberán aprobar, no seo da Comisión referida no punto V desta proposta, un protocolo específico nesta materia, que implicará, como mínimo, as seguintes medidas:

- Durante a semana posterior á posta en marcha dun cambio de Reparto, practicarase o seguimento oportuno, a fin de que, na segunda semana poida efectuarse un retorno que permita, validar a nova configuración do posto ou definir as medidas necesarias para eliminar as disfuncionalidades e problemas detectados.

2. Marcado en superficie do tramo do posto: A delimitación da superficie de traballo nos tramos HC1 e HC2 da Liña 2 de Montaxe levarase a cabo no mes de xuño.

3. Pantallas: A Comisión referida no punto V tratará os contidos que serán expostos nas pantallas de visualización e seguimento da produción instaladas no Taller en PLC e en PdB.

II.- CONDICIÓN DE REALIZACIÓN DO POSTO

1. ANDÓN: A Comisión referida no punto V deberá analizar as medidas a adoptar en relación ao uso do andón.

2. Composicións: No prazo máximo dun mes, e a través da Comisión referida no punto V desta proposta de solución, implementarase un protocolo de actuación en relación ás composicións, que integrará, como mínimo, as seguintes medidas:



- Información das anomalías na composición xa previstas en el entorno da UEP co antelación suficiente, de ser posible durante o briefing de inicio de quenda.
- Medidas de apoio que para o efecto procedan en cada caso (reforzos, ANDON, ou paradas técnicas, no seu caso, entre outras).

3. Velocidade da Liña: Salvo nos períodos transitorios para alcanzar unha nova cadencia horaria que resulten convenientemente informados, non se modifica a velocidade entre as distintas quendas nun mesmo reparto.

Para prever e evitar disfuncionamentos técnicos ou erros que poidan impactar na organización dos postos, poñerase en marcha un sistema de automatismos que permita identificar as eventuais desviacións entre a velocidade teórica e a programada. Esta información estará ao dispor da Comisión regulada no punto V da presente proposta.

4. Creación de postos de traballo:

- Co obxecto minimizar a variabilidade da carga de traballo dos postos deste Taller a través da redución dos picos e as chemineas na liña, crearanse 4 postos no Sistema 2, fora das liñas, 2 na primeira terminación (un con incidencia no B78 e outro e no K9 largo) e dous na segunda terminación (un con incidencia nas UEPS 7, 8 e 9 e outro orientado a Mecánica), con incorporación progresiva de operacións durante a segunda quincena de xuño.
- Como fase transitoria ata a implantación das medidas anteriores, a empresa creará 2 reforzos da actividade de cada quenda, un por UEP, a través de persoas que desenvolverán o seu traballo ordinario de 8 horas nas ditas tarefas, e serán titulares cada unha nunha UEP. Estes reforzos serán creados na primeira semana de xuño e se manterán durante o mes enteiro, namentres se implantan con carácter definitivo os postos fixos referidos no parágrafo anterior. A eliminación destes reforzos se fará efectiva, nunca antes do mes de xullo de 2019, unha vez tratado este punto no seo da Comisión referida no punto V da presente proposta.
- Recuperarase un posto novo de traballo na liña, por quenda, quedando anulada a produtividade establecida no reparto de maio para o posto de carga de parabrisas e cristais.

5. Protocolo sobre equipos (manipuladores): As partes, na Comisión regulada no punto V, deberán acordar, no prazo dun mes, un protocolo que permita coñecer as actuacións a desenvolver en caso de avarías dalgún dos útiles utilizados para a manipulación de elementos pesados.



6. Productividades e estabilización do Taller: A empresa comprométese a non facer productividades ata o mes de agosto, co obxectivo de estabilizar o Taller.

III.- MELLORA DA EMPREGABILIDADE

1. Internalización: Na medida en que os compromisos vixentes cos provedores permítano, na fase transitoria que abarca ata a posta en marcha do segundo equipo de P24, se internalizarán temporalmente actividades auxiliares de Montaxe que se realizan por prestatarios externos, para favorecer a adaptación dalgunhas das persoas que a día de hoxe non dispoñen de posto adaptado.

2. Rotacións: Analízase a posta en marcha dun plan reforzado de rotacións, en análises coa área de Prevención.

3. Industrialización novo modelo: As mobilidades de efectivos xeradas pola subida en cadencia e a creación de novos equipos no sistema 1 realizaranse coa orientación de favorecer a distribución equilibrada e homoxénea de contratos indefinidos - a tempo completo e parcial - e temporais entre sistemas e quendas, e co criterio de priorizar ao persoal con necesidades de adaptación que puídesse dispoñer dun posto adecuado no Sistema 1, completando os postos dispoñibles con aquelas outras persoas a tempo completo cuxa mobilidade cara ao Sistema 2 tivo orixe na eliminación de 1 equipo en decembro 2018.

IV.- ORGANIZACIÓN

Monitores: Se revisará pola empresa a viabilidade de modificar a configuración do equipo e, en particular, o ratio monitor, de maneira que este poida liberarse de facer TA e de rotar nos postos e concéntrase no labor de coordinación e asistencia ao módulo, contando cun equipo estable. Sobre a viabilidade e efectividade de esta medida deberá tratarse na Comisión referida no punto V no prazo dun mes.

V.- COMISIÓN DE SEGUIMIENTO E EXECUCIÓN

As organizacións asinantes da solicitude de proposta de mediación, no prazo dunha semana, constituirán unha Comisión que terá a función de desenvolver os acordos referidos no presente acordo, así como de recibir a información sobre a implementación, en concreto, das medidas recollidas no apartado 4 do punto II.



En concreto, rematado o prazo dun mes para a constatación da efectividade das medidas relativas á creación dos postos de traballo, esta Comisión deberá remitir ao Consello Galego de Relacións Laborais acta asinada polas persoas que a integran sobre este punto.

Esta comisión, que se reunirá unha vez á semana durante o mes de xuño de 2019 e coa periodicidade que se acorde no seu seo a partires do mes de xullo, estará integrada por unha persoa por cada unha das organizacións asinantes da solicitude de proposta de mediación por parte das Seccións sindicais e polo mesmo número de persoas pola parte empresarial.

VI. - MEDIDAS RELATIVAS AO CONFLICTO CONCRETO

A empresa, en aras a facilitar a execución de boa fe das medidas recollidas na presente proposta de solución, retirará as demandas presentadas por folga ilegal.

As organizacións sindicais solicitantes da presente proposta comprométense a non convocar medidas de conflito novas relacionadas cos puntos anteriores namentres estea a testarse a efectividade das medidas cara a redución da problemática da configuración dos postos de traballo na liña 2 de montaxe referidas no punto II.

A mediadora somete esta proposta de mediación as organizacións solicitantes da mesma, concedéndose o prazo de 1 hora para que se pronuncien sobre a súa aceptación ou rexeitamento.

En Vigo, as 23:30 do día 30 de maio de 2019

ASDO, Verónica Martínez Barbero

